

O pleno do Parlamento Galego, cos votos do PP e do PSOE, rexeitou o pasado 18 de xuño a toma en consideración da Proposición de Lei de Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) pola redución, a reutilización e a reciclaxe e contra a incineración do lixo e dos residuos tóxicos e perigosos, a ILP que recibiu maior apoio social até hoxe no noso país. Só os deputados e deputadas do BNG votaron a favor da ILP, reiterando o seu compromiso cos 3 erres e a súa oposición á incineración.

A Proposición de Lei ecoloxista chocou co Parlamento, mais non coa maioría da sociedade galega. Como afirmou na súa defensa da ILP ante o Pleno o portavoz das organizacións promotoras, Manuel Soto, dúas enquisas publicadas no momento en que a campaña a favor da ILP foi presentada conclúen que a maioría de galegos e galegas prefiren a reciclaxe fronte á incineración, e que máis do 85% da poboación afirma estar a favor da recollida selectiva en orixe. O Parlamento vese superado nesta cuestión pola realidade social, á que prefere dar as costas.

Os deputados e deputadas do PP e do PSOE uníronse para dicir non á toma en consideración dunha ILP que podería ter servido de borrador para a redacción dunha avanzada Lei de Resíduos que promovese decididamente a estratexia dos 3 erres (redución, reutilización e reciclaxe) na nosa terra. Trátase dunha decisión prexudicial para o ambiente, para o peto e para a calidade de vida de todos os galegos e galegas, mais que sen dúbida alegrou ás empresas interesadas no voluminoso negocio da incineración, comenzando por UNION FENOSA, que segue disposta a encher novas páxinas dese libro que alguén terá que escribir algún día sobre os elevados custos sociais e ecolóxicos causados en Galiza por esta empresa desde a súa creación.


Manuel Soto comezou a súa intervención citando as consecuencias da nefasta e irracional xestión do lixo no noso país. A continuación sinalou a incapacidade de varios gobernos autonómicos para viabilizar solucións ao problema do lixo baseadas nos vertedeiros e/ou na incineración. O actual Plano de xestión do lixo, aprobado en xaneiro de 1992, só pode presentar hoxe unha realización definitiva, a polémica empacadora de Guixar, que se converteu no máis sonado foco de confrontación social dos últimos tempos. Fóra disto, a empresa encargada da aplicación do Plano, SOGAMA, só pode dar conta das aberrantes instalacións construídas en Cerceda para a almacenaxe provisional de lixo.

O portavoz da Comisión Promotora da ILP ecoloxista dixo aos deputados e deputadas que "a sociedade galega rexeita a incineración, que supón un despilfarro de materias primas e enerxía, sendo incompatible coa reciclaxe e coa redución en orixe. Lonxe das estratexias de PREVENCIÓN e da produción limpa, a incineración responde aos intereses dos sectores industriais máis suxos, como poden ser as industrias dos plásticos e da celulosa: reciclar mingua claramente o volume de negocio destes sectores". Ademais, a incineración dos residuos é unha fonte de contaminación gratuita do aire que respiramos e dos alimentos que consumimos, constituíndo un risco para a nosa saúde que non se debe menosprezar. No noso país, 500 profesionais da sanidade respaldaron hai dous anos un manifesto no que se alertaba dos perigos da incineración para a saúde humana: afeccións respiratorias e cutáneas, deterioro do sistema inmunolóxico, cancros...

Cos votos do PP e do PSOE O PARLAMENTO REXEITOU A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DE TRATAMENTO ADECUADO DO LIXO

Por XOSÉ VEIRAS GARCÍA

O portavoz da Comisión Promotora durante o debate no Parlamento



O ecoloxista e Profesor de Enxeñería Química afirmou que a instalación dunha incineradora en Cerceda é incompatible coa produción de alimentos sans (leite, carne, hortalizas...), xa que a acumulación de contaminantes na cadea trófica é a principal vía de exposición e contaminación do corpo humano. Para controlar as emisións atmosféricas contaminantes (dioxinas, metais pesados...) das incineradoras precísanse altos investimentos que fan da incineración o método máis caro de xestión do lixo e que, a pesar disto, non posibilitan reducir até esixentes límites legais a emisión das perigosas dioxinas, compostos organoclorados descubertos no fume das incineradoras hai tan só 10 anos.

Manuel Soto, tendo en conta que na Alemaña e en Holanda o custo da incineración se sitúa por riba das 16.000 pesetas/tonelada, preguntouse se o canon de 4.500 pts/ton que o Goberno da Xunta propón hoxe é un prezo político coa finalidade de non asustar aos concellos, que non tardaría en ser duplicado ou triplicado, ou se debe á ausencia de medidas de control da contaminación.

Soto referiuse tamén ás vantaxes económicas sociais e ecolóxicas dunha xestión dos residuos baseada na redución, na reutilización e na reciclaxe, por esta orde de prioridade. Citou a recollida selectiva en orixe coma requisito imprescindible para facer viábel a reciclaxe do lixo e a recuperación do seu valor. Lembrou que a estratexia dos erros é a preferida polo Programa Ambiental da UE, que coloca a incineración e o vertido nos últimos lugares da xerarquía de opcións de tratamento dos residuos que propón.

As organizacións promotoras da ILP pretendían, en palabras do seu portavoz, que Galiza fose "directamente á vangarda da xestión ecolóxica do lixo, aproveitándonos das vantaxes de non termos hoxe incineradoras en funcionamento e aforrando os custos de todo tipo que unha decisión a favor da incineración inevitabelmente conleva".

Manuel Soto concluiu a súa intervención manifestando que "os galegos e galegas que asinamos esta proposición de lei temos o convencemento de que neste tema, a unanimidade parlamentaria pode ser suficiente para aprobar unha lei, pero non necesariamente é suficiente para resolver o problema do lixo. A historia recente do noso país no que a este tema se refire deixa ben claro que é imprescindible un consenso social, unha unanimidade social, que a Comisión Promotora que represento cre ofertar con esta proposición de lei. Proposición que, loxicamente, pode e debe ser mellorada, pero que contén os elementos claves non só para unha xestión racional e ecolóxica do lixo, senón tamén para encetar a construción dese proceso de unanimidade".

Sen embargo, semella que PP e PSOE prefiren elaborar unha Lei de Resíduos que, lonxe de obrigar á aprobación dun novo Plano de Xestión do lixo que non avogue pola incineración da maior parte da fracción combustíbel do lixo (materia orgánica, plásticos, papel e cartón...) e que obteña un amplo respaldo social, sexa útil para aplicar o centralizado e custoso Plano actual.

O portavoz do PP no debate, Xoán Casares, acusou a Manuel Soto de facer unha intervención "partidista". Tam pouco tivo ningún reparo en afirmar que o Plano de Xestión do lixo da Xunta non menospreza a estratexia dos 3 erros. Para tentar convencer da ausencia de riscos da incineración amosou unha foto da incineradora de Mónaco, situada no centro da cidade. Con estas acusacións e argumentos expresou o rexeitamento do seu grupo parlamentario á ILP.

E inaceptábel que o deputado do PP acusase de partidista a unha intervención que foi fiel á mensaxe transmitida á opinión pública durante a campaña de recollida de sinaturas pola Comisión Promotora da ILP, Comisión plural e aberta na que só non estiveron representadas as organizacións que non quixeron. Até as pedras sentirían vergoña allea se puidesen oír as acusacións de partidismo do portavoz do partido do goberno que aprobou o Plano de Xestión do Lixo sen sometelo a discusión previa, ignorando ao Parlamento e ás organizacións interesadas.

O deputado do PP repetiu varias veces que "o lixo non ten ideoloxía", querendo así transmitir que se trata dun problema para o que os científicos e técnicos "apolíticos" elixidos saberán encontrar a mellor solución. A sociedade só ten que aceptar obedientemente a decisión tomada sen a súa participación, neste caso o Plano de Xestión do Lixo aprobado en xaneiro de 1992 e que segue a ser a base da política da Consellería de política Territorial, supostamente a única realista. Mais o Plano, a pesar do que se diga, si ten ideoloxía: a do mercado por riba de todo, a dun modelo de produción e consumo despilfarrador, a da supeditación dos intereses colectivos aos privados de sectores empresariais moi influíntes.

Non facía falta que Xoán Casares nos ensinase unha foto da incineradora de Mónaco para saber que a xestión do lixo realizada neste estado, co cal é evidente que Galiza ten moito en común, é un exemplo a imitar para Xosé Cuiña. A aplicación do Plano da Xunta faría que o noso país acompañase a Mónaco nos primeiros postos do ranking da incineración.

O portavoz do PSOE no debate, Xosé Carlos Baños, afirmou que o seu grupo estaba de acordo con case todos os artigos da ILP -só non citou ao que propugna a prohibición total de clquera forma de incineración- e suxeriu que se incorporase como documento de traballo á ponencia constituida 115 días antes polos tres grupos parlamentarios para tentar consensuar a Lei de Resíduos. Defendeu que non sería politicamente razoábel, a pesar de ser regulamentariamente posíbel, que o Parlamento tramitase a ILP cando xa se constituíra unha ponencia conxunta para elaborar unha lei de Resíduos.

No seu turno de réplica, Manuel Soto respostou a intervención de Casares e agradeceu a Baños as súas palabras e ao portavoz do BNG, Emilio López, o apoio do seu grupo. Nese momento era difícil prever que o PSOE, en lugar de absterse, votaría en contra da ILP, sumando os seus votos aos da dereita. Para Francisco Vázquez son máis convincentes Cuiña e SOGAMA que as asociacións de defensa do ambiente, que seguirán a xulgar a todas as forzas políticas máis pola súa práctica que polas súas palabras.

Malia o esperado rexeitamento parlamentario, valeu a pena o esforzo desenvolvido na campaña de apoio á ILP, impulsada pola práctica totalidade do movemento asociativo ecoloxista galego. Podemos estar seguros de que o traballo realizado serviu para algo e de que, máis cedo ou máis tarde, o Parlamento e o goberno da Xunta non poderán seguir a ignorar o sentir maioritario da cidadanía. Desde o movemento ecoloxista seguiremos a traballar para conseguir unha xestión dos residuos compatible co ambiente e co uso sustentábel dos recursos. ■